



MINISTERIO
DEL INTERIOR



AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE ESCOLAS PARTICULARES DE CONDUTORES

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud:** no impreso oficial (modelo 2.10) dispoñible nas xefaturas de Tráfico, subscrita polo titular da escola ou o seu representante, na que se debe indicar:
 - a denominación do centro,
 - os elementos persoais e materiais,
 - a situación dos locais e terreos ou zonas de prácticas,
 - as clases de permiso e licenza para cuxo ensino se solicita a autorización.
- Taxa III.1: 433,20 €.**
Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).
- DNI/NIE** ou, de ser o caso, **documentos que acrediten a constitución da sociedade da persoa xurídica titular da escola:** orixinal e copia.
- Terreos para clases prácticas:** no caso de dispoñer deles, achegarase o documento que o acredite e a autorización municipal para impartir as devanditas clases neles ou a certificación acreditativa de que non necesita a devandita autorización, de ser o caso.
De non dispoñer de terreos, deberase achegar a autorización municipal para realizar as devanditas prácticas en zonas que reúnan as condicións idóneas para o ensino.
- Relación do persoal docente con especificación do alcance da súa autorización de exercicio.**
- Relacións dos vehículos de que vai dispoñer, especificando as súas características e condicións de utilización (como ensino ou acompañamento).**
- Locais:** acreditación de que cumpren os requisitos esixidos pola normativa municipal para exercer a actividade propia da escola.
- Relación do material didáctico.**
- Declaracións do solicitante ou asociados (en caso de persoa xurídica), do persoal directivo e do persoal docente de non estaren incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 12 de RD 1295/2003, do 17 de outubro, modificado polo RD 369/2010.**

Con carácter previo á autorización, a escola será sometida a unha inspección por funcionariado da xefatura provincial de Tráfico

(22/06/2018)